

Estudantes e profesores da USC achegan un mapa interactivo con máis de trescentos materiais didácticos: GALIMAP

xoves, 2 de maio do 2024 / S. P.

Co obxectivo de facilitar o traballo das persoas profesionais da educación social, profesores e estudantes da USC impulsaron un proxecto nun mapa interactivo que reúne máis de trescentos materiais de todo tipo, dende libros e contos ata cadernos de campo e guías didácticas, pasando por aplicacións móbiles e xogos.



Estamos a falar de **GALIMAP**, escolma innovadora de materiais didácticos elaborados por persoas e institucións de Galicia para seren empregados como recursos educativos por profesionais da educación, especialmente da Educación Social. Presentouse esta semana na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago.

O proxecto *GALIMAP: Mapa interactivo dos Materiais Didácticos Sociocomunitarios dos Concellos de Galicia*. Unha proposta dende a Educación Social xorde no marco da primeira convocatoria de Proxectos de Innovación Educativa dirixida ao profesorado da Facultade de Ciencias da Educación da USC e estivo liderado polos docentes Jesús Rodríguez Rodríguez, Josefa del Carmen Fernández de la Iglesia, Silvia López Gómez e Ana Rodríguez Guimeráns.

O mapa complementábase [coa páxina web do proxecto](#), vídeos e diferentes contidos en redes sociais e xogos dixitais.

A selección dos materiais foi realizada polo alumnado da materia *Experiencias e Recursos en Educación Social* e os recursos para a difusión deste proxecto son obra do alumnado de *Tecnoloxía Educativa*, ambos os dous do segundo curso do Grao en Educación Social da USC.

A presentación, presidida pola vicedecana da Facultade de Ciencias da Educación, María López Sánchez, contou tamén coa participación do profesorado das materias, das alumnas Raquel Blanco e Laura Manuela Cernadas, das profesoras da Universidade de Vigo Sara Martínez Carrera e María Cristina Sánchez Martínez e de Montse Sánchez en representación do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia.

Entre as persoas asistentes, ademais de alumnado acudiu profesorado do centro, gran parte do equipo decanal e representantes doutras institucións como Nova Escola Galega e o grupo Cavila.

0 comments

Ordenar por: **Máis antigos**

Engadir un comentario...

Plugin dos comentarios do Facebook

PUBLICIDADE

dinahos
hospeda este esp

BFAero
BUSINESS FACTORY AERO
¡El impulso de
proyecto ae
aeroespacial
está a

KUNTA DE GALICIA

Dallo
forma
túa no
web i
galeg

SUBSCR
AO GALB

LEVA UN HOSTING E UN D

56 do 17 ao 31 de maio
mediosengalego.gal



BALIDEA

Revista en PDF:



Descárgaa xa

- Metaversos. Enfoqu
- GaiásTech
- O Diario Oficial de C
- hoxe a ampliación de
- solicitar os bonos di
- decembro
- A Xunta destaca a i
- concienciación dixita
- territorio conectado